

XEFATURA DO ESTADO

19747 LEI ORGÁNICA 12/2003, do 24 de outubro, pola que se autoriza a ratificación do Tratado de Adhesión á Unión Europea da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca. («BOE» 257, do 27-10-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa sinatura en Atenas, o 16 de abril de 2003, do Tratado de Adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca culmina un proceso negociador, iniciado a principios de 1998, para a integración deses países na Unión Europea.

De conformidade co previsto no artigo 93 da nosa Constitución, resulta necesario que a prestación do consentimento do Estado para ratifica-lo referido tratado de adhesión sexa autorizada mediante lei orgánica, tal como ocorreu con motivo da adhesión da República de Austria, a República de Finlandia e do Reino de Suecia á Unión Europea.

Artigo único.

Autorízase a ratificación polo Reino de España do Tratado, feito en Atenas o 16 de abril de 2003, entre o Reino de Bélxica, o Reino de Dinamarca, a República Federal de Alemaña, a República Helénica, o Reino de España, a República Francesa, Irlanda, a República Italiana, o Gran Ducado de Luxemburgo, o Reino dos Países Baixos, a República de Austria, a República Portuguesa, a República de Finlandia, o Reino de Suecia, o Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte e a República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca, relativo á adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca á Unión Europea.

Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

19748 LEI ORGÁNICA 13/2003, do 24 de outubro, de reforma da Lei de axuízamento criminal en materia de prisión provisional. («BOE» 257, do 27-10-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei orgánica ten por obxecto reforma-la regulación da prisión provisional. Trátase dunha institución que foi obxecto de varias modificacións desde a aprobación da Constitución. Así, operáronse reformas de maior ou menor profundidade da prisión provisional pola Lei 16/1980, do 22 de abril; a Lei orgánica 7/1983, do 23 de abril; a Lei orgánica 10/1984, do 26 de decembro, e, en fin, a Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio. A pesar destas sucesivas reformas, a prisión provisional está necesitada dunha nova modificación, que non debe agardar pola reforma global do noso axuízamento criminal.

Entre os obxectivos do Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza encóntrase o de abordar «a reforma da prisión provisional, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional». A consecución deste obxectivo resulta perentoria, porque a xurisprudencia do Tribunal Constitucional foi impondo requisitos —co tempo cada vez máis claros e esixentes— para que a institución da prisión provisional sexa respectuosa co contido esencial do dereito á liberdade, tal e como vén consagrado no artigo 17 da Constitución, e do dereito á presunción de inocencia, consagrado no artigo 24.2. Como sinalou o Alto Tribunal desde unha das súas primeiras sentencias, a prisión provisional sitúase «... entre o deber estatal de perseguir eficazmente o delicto, por un lado, e o deber estatal de asegurar-lo ámbito da liberdade do cidadán, por outro...» (STC 41/1982).

Sobre a prisión provisional existe actualmente —en efecto— un corpo de xurisprudencia constitucional que os nosos tribunais deben aplicar de cotío e que nalgúns aspectos non encontra o seu debido reflexo na regulación legal da institución. A mellor proba da urxencia con que debe ser emprendido o labor de adecua-la lei procesual penal ós postulados do Tribunal Constitucional neste tema é que o máximo intérprete da Constitución, na sentenza 47/2000, elevou autocuestión de inconstitucionalidade sobre os artigos 503 e 504 da Lei de axuízamento criminal.

II

O Tribunal Constitucional, de forma paulatina mais unívoca, foi establecendo unha serie de características que a prisión provisional debe cumprir en todo caso para se adecuar ós postulados da nosa Constitución. De entre elas, as que impoñen maiores esixencias e obrigan a esta reforma parcial da institución son a súa excepcionalidade e, sobre todo, a súa proporcionalidade.

A excepcionalidade da prisión provisional significa que no noso ordenamento xurídico a regra xeral debe se-la liberdade do imputado ou acusado durante a pendencia do proceso penal e, consecuentemente, que a privación de liberdade debe se-la excepción. Por tanto,